

---

Proba para a obtención da habilitación profesional

# Instalador/ora de produtos petrolíferos líquidos

## Categoría II

---

IPII

Parte 1. Proba teórica



# 1. Formato da proba

---

## Formato

- A proba constará de vinte e cinco cuestións tipo test cunha soa resposta válida.

## Puntuación

- A nota calcularase de acordo coa expresión: número de respostas correctas - (número de respostas incorrectas / 3).
- Considerarase apta cando a puntuación obtida na proba sexa a metade da puntuación máxima.

## Materiais e instrumentos que se poden empregar durante a proba

- Bolígrafo con tinta negra ou azul.

## Duración

- Tempo estimado para responder: 60 minutos.

## Advertencias para o alumnado

- Os exames non deben levar ningún tipo de marca nin texto que poidan identificar a persoa candidata, agás nos espazos reservados para a súa identificación.



## 2. Exercicio

---

1. Segundo a MI-IP04-D-01 (v1), nunha instalación de subministración a vehículos desatendida, sen persoal afecto á instalación, quen é o responsable de que se subministre a envases baixo as condicións que se indican no punto 5 da citada disposición?
- 

*Según la MI-IP04-D-01 (v1), en una instalación de suministro a vehículos desatendida, sin personal afecto a la instalación, ¿quién es el responsable de que se suministre a envases bajo las condiciones que se indican en el punto 5 de la citada disposición?*

- A** O titular da instalación desatendida.  
*El titular de la instalación desatendida.*
- B** A empresa autorizada contratada para o mantemento.  
*La empresa autorizada contratada para el mantenimiento.*
- C** O xerente da empresa.  
*El gerente de la empresa.*

2. Segundo a MI-IP04-D-08 (v1), cal das indicadas debe considerarse como data de antigüidade dun tanque revestido recentemente?
- 

*Según la MI-IP04-D-08 (v1), ¿cuál de las indicadas debe considerarse como fecha de antigüedad de un tanque revestido recientemente?*

- A** A data de fabricación do tanque.  
*La fecha de fabricación del tanque.*
- B** A data do revestimento.  
*La fecha del revestimiento.*
- C** A data da posta en servizo na instalación.  
*La fecha de la puesta en servicio en la instalación.*

3. Segundo a MI-IP04-D-09 (v1), as tubaxes de impulsión de dobre parede deben contar con detección electrónica de fugas?
- 

*Según la MI-IP04-D-09 (v1) ¿Las tuberías de impulsión de doble pared deben contar con detección electrónica de fugas?*

- A** Non é necesario, ao tratarse dunha tubaxe de dobre parede.  
*No es necesario, al tratarse de una tubería de doble pared.*
- B** Non podemos afirmalo; depende da lonxitude da tubaxe.  
*No podemos afirmarlo; depende de la longitud de la tubería.*
- C** Si, porque en caso contrario considerárase unha tubaxe simple.  
*Sí, porque en caso contrario se consideraría una tubería simple.*



4. No que respecta á MI-IP04-D-15 (v1), podemos afirmar que as instalacións soterradas existentes para consumo propio, con tubaxes en aspiración, deben cumprir o indicado na súa disposición transitoria terceira?

*En lo que respecta a la MI-IP04-D-15 (v1), ¿podemos afirmar que las instalaciones enterradas existentes para consumo propio, con tuberías en aspiración, deben cumplir lo indicado en su disposición transitoria tercera?*

- A** Si.  
*Sí.*
- B** Non, en ningún caso.  
*No, en ningún caso.*
- C** Non, por tratarse de consumo propio, pero estarían permitidas para venda ao público.  
*No, por tratarse de consumo propio, pero sí estarían permitidas para venta al público.*

5. Unha empresa de transporte de mercadorías por estrada está dotada dun punto de subministración de gasóleo na súa nave de aparcadoiro. Consonte o establecido no Real decreto 706/2017, podería con algunha frecuencia subministrar a propietarios de cabezas tractoras alleas á empresa?

*Una empresa de transporte de mercancías por carretera está dotada de un punto de suministro de gasóleo en su nave de aparcamiento. Con arreglo a lo establecido en el Real decreto 706/2017, ¿podría con alguna frecuencia suministrar a propietarios de cabezas tractoras ajenas a la empresa?*

- A** Non, porque se considera unha instalación de consumo propio.  
*No, porque se considera una instalación de consumo propio.*
- B** Si, pero realizando un rexistro das subministracións que estea ao dispor das autoridades competentes.  
*Sí, pero realizando un registro de los suministros que esté a disposición de las autoridades competentes.*
- C** Si, só no caso de que se realice cunha frecuencia de subministración inferior a 1 vez ao mes, porque nese caso se segue a considerar que se trata dunha instalación de consumo propio.  
*Sí, solo en caso de que se realice con una frecuencia de suministro inferior a una vez al mes, porque en ese caso se sigue considerando que se trata de una instalación de consumo propio.*

6. No que respecta á MI-IP04-ITC II-01 (v1) e no caso de modificacións substanciais das instalacións para unha estación de servizo con vendas inferiores a tres millóns de litros, podemos afirmar que os tanques e tubaxes de parede simple sobre os que non se actúa deben modificarse e pasar a dobre parede?

*En lo que respecta a la MI-IP04-ITC II-01 (v1) y en el caso de modificaciones sustanciales de las instalaciones para una estación de servicio con ventas inferiores a tres millones de litros, ¿podemos afirmar que los tanques y tuberías de pared simple sobre los que no se actúa deben modificarse y pasar a doble pared?*

- A** Si, existe a obriga de pasalos a dobre parede, xa que así o require a normativa vixente.  
*Sí, existe la obligación de pasarlos a doble pared, ya que así lo requiere la normativa vigente.*
- B** Non existe a obriga de incorporar dobre parede, pero si que deben dispor dun sistema de detención de fugas (SDF) asociado.  
*No existe la obligación de incorporar doble pared, pero sí deben disponer de un sistema de detención de fugas (SDF) asociado.*
- C** Non hai a obriga de incorporar dobre parede nin un sistema de detención de fugas (SDF) asociado, pero deberán incorporar as medidas de protección alternativas previstas na disposición transitoria segunda.  
*No hay la obligación de incorporar doble pared ni un sistema de detección de fugas (SDF) asociado, pero deberán incorporar las medidas de protección alternativas previstas en la disposición transitoria segunda.*



7. Nunha estación de servizo con tres tanques de simple parede onde se actúa sobre un deles para o transformar a dobre parede, será necesario dotar dun sistema de detección de líquido a arqueta boca de home deste?

*En una estación de servicio con tres tanques de simple pared donde se actúa sobre uno de ellos para transformarlo a doble pared, ¿será necesario dotar de un sistema de detección de líquido a la arqueta de boca de hombre del mismo?*

**A** Non é necesario, salvo modificación ou substitución da arqueta do tanque afectado durante o proceso.

*No es necesario, salvo modificación o sustitución de la arqueta del tanque afectado durante el proceso.*

**B** Si é necesario, porque non se cambiou a arqueta boca de home.

*Sí es necesario, porque no se ha cambiado la arqueta boca de hombre.*

**C** Si é necesario, xa que calquera modificación para transformar o tanque a dobre parede require un sistema de detección de líquido.

*Si es necesario, ya que cualquier modificación para transformar el tanque a doble pared requiere de un sistema de detección de líquido.*

8. Consonte o indicado na MI-IP04-ITC VI-03 v2 (aparells surtidores/dispensadores e equipamentos de subministración e control. Operacións desatendidas), sería viable eliminar o condicionante de fixación do límite de tempo e/ou volume da operación na subministración a vehículos pesados?

*De acuerdo con lo indicado en la MI-IP04-ITC VI-03 v2 (aparatos surtidores/dispensadores y equipos de suministro y control. Operaciones desatendidas) ¿sería viable eliminar el condicionante de fijación del límite de tiempo y/o volumen de la operación en el suministro a vehículos pesados?*

**A** Non, en ningún caso.

*No, en ningún caso.*

**B** Si, o centro de control poderá posibilitar, no caso de vehículos pesados, subministracións sucesivas de 75 litros de gasóleo cun único pagamento, sempre que tanto a persoa que o conduce coma o vehículo figuren nun rexistro creado na instalación para este tipo de vehículos.

*Sí, el centro de control podrá posibilitar, en el caso de vehículos pesados, suministros sucesivos de 75 litros de gasóleo con un único pago, siempre que tanto la persona que lo conduce como el vehículo figuren en el registro creado en la instalación para este tipo de vehículos.*

**C** Non, para que fose viable, a instalación debería dispor dun trinquete que se desconectase de xeito automático ao finalizar a operación.

*No, para que fuera viable, la instalación debería disponer de un trinquete que se desconectase de forma automática al finalizar la operación.*

9. No que respecta ao capítulo VII (instalación mecánica) da IP04-ITC VII-02 (v1), podemos afirmar que unha pendente continua do 1% cara ao tanque é obrigatoria mesmo na tubaxe de impulsión?

*En lo que respecta al capítulo VII (instalación mecánica) de la MI-IP04-ITC VII-02 (v1), ¿podemos afirmar que una pendiente continua del 1% hacia el tanque, es obligatoria incluso en la tubería de impulsión?*

**A** Non, porque a tubaxe de impulsión está presurizada e non necesita a pendente.

*No, porque la tubería de impulsión está presurizada y no necesita la pendiente.*

**B** Non, soamente é obrigatoria en tubaxes de retorno, de xeito que non poida formarse ningunha retención de líquido nun lugar inaccesible.

*No, solamente es obligatoria en tuberías de retorno, de manera que no pueda formarse ninguna retención de líquido en un lugar inaccesible.*

**C** Si, de xeito que non poida formarse ningunha retención de líquido nun lugar inaccesible.

*Sí de manera que no pueda formarse ninguna retención de líquido en un lugar inaccesible.*



**10.** Segundo a IP04-ITC IX-02 (v1), está permitido que nunha estación de servizo os vehículos non autorizados invadan as zonas clasificadas definidas para as instalacións eléctricas e mecánicas?

*Según la MI-IP04-ITC IX-02 (v1) ¿está permitido que en una estación de servicio los vehículos no autorizados invadan las zonas clasificadas definidas para las instalaciones eléctricas y mecánicas?*

- A** Non, as devanditas zonas teñen que estar delimitadas e non pode permitirse o paso de vehículos.  
*No, dichas zonas tienen que estar delimitadas y no puede permitirse el paso de vehículos.*
- B** Si, nada impide que un vehículo invada as zonas clasificadas, xa que deben estar preparadas para explosións e incendios.  
*Sí, nada impide que un vehículo invada las zonas clasificadas, ya que deben estar preparadas para explosiones e incendios.*
- C** Non, o paso de vehículos só pode permitirse aos vehículos autorizados (mantedores e instaladores).  
*No, el paso de vehículos solo puede permitirse a los vehículos autorizados (mantenedores e instaladores).*

**11.** No relativo á epígrafe de instalacións desatendidas da MI-IP04-ITC XIII-04 (v1), é necesario protexer as bocas de descarga dos tanques contra un acceso non autorizado?

*En lo relativo al apartado de instalaciones desatendidas de la MI-IP04-ITC XIII-04 (v1), ¿es necesario proteger las bocas de descarga de los tanques contra un acceso no autorizado?*

- A** Non é necesario protexer as bocas de descarga cando se dispoña dun CCTV.  
*No es necesario proteger las bocas de descarga cuando se disponga de un CCTV.*
- B** Non, unicamente se debe indicar que o paso non está permitido e que se trata dunha zona de uso restrinxido.  
*No, únicamente se debe indicar que el paso no está permitido y que se trata de una zona de uso restringido.*
- C** Si, deben estar protexidas fronte a actos vandálicos que poidan afectar a seguridade da instalación.  
*Sí, deben estar protegidas frente a actos vandálicos que puedan afectar la seguridad de la instalación.*

**12.** De acordo co indicado na epígrafe de revisións, probas e inspeccións periódicas da IP04-ITC XV-02 (v1), se se procedeu a revestir un tanque o día 1 de novembro de 2023, deberemos como máximo realizar a primeira proba de estanquidade o día ....

*De acuerdo con lo indicado en el apartado de revisiones, pruebas e inspecciones periódicas de la MI-IP04-ITC XV-02 (v1), si se procedió a revestir un tanque el 1 de noviembre de 2023, deberemos como máximo a realizar la primera prueba de estanqueidad el día ...*

- A** 1 de novembro de 2026.  
*1 de noviembre de 2026.*
- B** 1 de novembro de 2028.  
*1 de noviembre de 2028.*
- C** 1 de novembro de 2033.  
*1 de noviembre de 2033.*



- 13.** Coa categoría PPL II de produtos petrolíferos, os instaladores poderán realizar instalacións de produtos de clase B:
- 
- Con la categoría PPL II de productos petrolíferos, los instaladores podrán realizar instalaciones de productos de clase B:*
- A** Ata 15 m<sup>3</sup>.  
*Hasta 15 m<sup>3</sup>.*
  - B** Ata 150 m<sup>3</sup>.  
*Hasta 150 m<sup>3</sup>.*
  - C** Sen límite de capacidade.  
*Sin límite de capacidad.*
- 14.** Un hidrocarburo de clase C é aquel que ten un punto de inflamación:
- 
- Un hidrocarburo de clase C es aquel que tiene un punto de inflamación :*
- A** Por baixo de 55°C.  
*Por debajo de 55°C.*
  - B** Entre 55°C e 100°C.  
*Entre 55°C e 100°C.*
  - C** Por riba de 100°C.  
*Por encima de 100°C.*
- 15.** A validez da declaración responsable de inicio de actividade dunha empresa instaladora ou reparadora de PPL será:
- 
- La validez de la declaración responsable de inicio de actividad de una empresa instaladora o reparadora de PPL será:*
- A** Por tempo indefinido e en todo o territorio español.  
*Por tiempo indefinido y en todo el territorio español.*
  - B** Por un período inicial de cinco anos e por todo o territorio español.  
*Por un período inicial de cinco años y por todo el territorio español.*
  - C** Por tempo indefinido e por todo ámbito territorial da comunidade autónoma onde se presente.  
*Por tiempo indefinido y por todo ámbito territorial de la comunidad autónoma donde se presente.*
- 16.** Unha empresa que queira desenvolver o exercicio da actividade de instalador/mantenedor de PPL categoría II deberá ter subscrito un seguro de responsabilidade civil profesional que cubra os danos que se poidan provocar na prestación do servizo, por una contía mínima por sinistro de:
- 
- Una empresa que quiera desarrollar el ejercicio de la actividad de instalador/mantenedor de PPL categoría II deberá haber suscrito un seguro de responsabilidad civil profesional que cubra los daños que se puedan provocar en la prestación del servicio, por una cuantía mínima por siniestro de:*
- A** 150 000 euros.
  - B** 300 000 euros.
  - C** 600 000 euros.



17. De acordo co indicado na MI-IP-02, o sistema para realizar as probas de estanquidade aos depósitos de instalacións soterradas debe garantir a detección dunha fuga de:

*De acordo con lo indicado en la MI-IP-02, el sistema para realizar las pruebas de estanqueidad a los depósitos de instalaciones enterradas debe garantizar la detección de una fuga de:*

- A 100 ml/h
- B 150 ml/h
- C 300 ml/h

18. A presión interna manométrica que debe soportar un depósito para o considerar como "depósito a presión", debe ser superior a:

*La presión interna manométrica que debe soportar un depósito para considerarlo como "depósito a presión", debe ser superior a:*

- A 98 kPa
- B 148 kPa
- C 198 kPa

19. Para a subministración de carburante de aviación e de combustible a barcos, as instalacións deberán cumprir os requisitos da norma:

*Para el suministro de carburante de aviación y de combustible a barcos, las instalaciones deberán cumplir los requisitos de la norma:*

- A MI-IP01
- B MI-IP02
- C MI-IP03

20. Cal debe ser a profundidade mínima da gobia se se desexa soterrar unha tubaxe horizontal dunha conducción de combustible líquido?

*¿Cuál debe ser la profundidad de la zanja si se desea enterrar una tubería horizontal de una conducción de combustible líquido?*

- A A 20 cm de profundidade.  
*A 20 cm de profundidade.*
- B A 30 cm de profundidade.  
*A 30 cm de profundidade.*
- C A 50 cm de profundidade.  
*A 50 cm de profundidade.*





**21. A protección contra os efectos da electricidade estática nos parques de almacenamento de líquidos petrolíferos establecerase mediante:**

*La protección contra los efectos de la electricidad estática en los parques de almacenamiento de líquidos petrolíferos se establecerá mediante:*

- A** O uso dun diferencial autorearmable superinmunizado.  
*El uso de un diferencial autorearmable superinmunizado.*
- B** O uso dunha conexión equipotencial combinado co uso dun diferencial autorearmable superinmunizado.  
*El uso de una conexión equipotencial combinado con el uso de un diferencial autorearmable superinmunizado.*
- C** A posta a terra de todas as masas metálicas.  
*La puesta a tierra de todas las masas metálicas.*

**22. En tanques de capacidade superior a 1 000 litros, as tubaxes de carga entrarán no tanque:**

*En tanques de capacidad superior a 1 000 litros, las tuberías de carga entrarán en el tanque :*

- A** Ata o fondo, e terminarán, preferentemente, en forma de caxato.  
*Hasta el fondo y terminarán, preferentemente, en forma de cayado.*
- B** Ata 15 cm do fondo, e terminarán, preferentemente, cortadas en pico de frauta.  
*Hasta 15 cm del fondo, y terminarán, preferentemente, cortadas en pico de flauta.*
- C** Ata 20 cm da superficie do tanque, e terminarán, preferentemente, en forma triangular.  
*Hasta 20 cm de la superficie del tanque, e terminarán, preferentemente, en forma triangular.*

**23. A certificación do correcto funcionamento da protección activa en tanques débese realizar coa periodicidade seguinte:**

*La certificación del correcto funcionamiento de la protección activa en tanques debe realizarse con la periodicidad siguiente:*

- A** Cada dous anos para tanques e grupos de tanques con capacidade global ata 60 m<sup>3</sup>.  
*Cada dos años para tanques y grupos de tanques con capacidad global hasta 60 m<sup>3</sup>.*
- B** Cada dous anos para tanques e grupos de tanques con capacidade global maior a 60 m<sup>3</sup>.  
*Cada dos años para tanques y grupos de tanques con capacidad global mayor a 60 m<sup>3</sup>.*
- C** Cada dous anos, e coincidiendo coa proba periódica, en tanques de capacidade non superior a 10 m<sup>3</sup>.  
*Cada dos años, y coincidiendo con la prueba periódica, en tanques de capacidad no superior a 10 m<sup>3</sup>.*

**24. Os tanques deberán ser soterrados nas instalacións de produtos petrolíferos de subministración a vehículos ...**

*Los tanques deberán ser enterrados en las instalaciones de productos petrolíferos de suministro a vehículos ...*

- A** Cando se almacenen produtos de clase B.  
*Cuando se almacenen productos de clase B.*
- B** Cando subministren a vehículos propiedade da persoa titular da instalación.  
*Cuando suministren a vehículos propiedad de la persona titular de la instalación.*
- C** Calquera dos supostos anteriores.  
*Cualquiera de los supuestos anteriores.*



- 25.** De acordo coa IP-04, todas as tubaxes e elementos metálicos aéreos nos almacenamentos de combustibles clase B conectaranse á rede xeral de terra, e non son necesarios nas instalacións de líquidos ...

---

*De acordo con la IP-04, todas las tuberías y elementos metálicos aéreos en los almacenamientos de combustibles clase B se conectarán a la red general de tierra, y no son necesarios en las instalaciones de líquidos ...*

- A** De clase C, pero si nas de clase D.  
*De clase C, pero sí en las de clase D.*
- B** De clase B, pero si nas de clase C.  
*De clase B, pero sí en las de clase C.*
- C** Nin de clase C nin de clase D.  
*Ni de clase C ni de clase D.*



### 3. Solución para as preguntas tipo test

Nº	A	B	C	
1	X			
2		X		
3			X	
4	X			
5	X			
6			X	
7	X			
8		X		
9			X	
10		X		
11			X	
12		X		
13			X	
14		X		
15	X			
16			X	
17	X			
18	X			
19		X		
20		X		
21			X	
22		X		
23	X			
24	X			
25			X	



XUNTA  
DE GALICIA

CONSELLERÍA DE CULTURA,  
EDUCACIÓN, FORMACIÓN  
PROFESIONAL E UNIVERSIDADES

Habilitación profesional  
**INSTALADOR/A DE PRODUCTOS PETROLÍFEROS**  
**LÍQUIDOS CATEGORÍA II**  
[HP.IPII]